


---

# O castro de Socastro

**Somos Rural. Memoria explicativa.**

Rois - 9 de abril de 2023

---



---

## Introdución: Confín dos nove castros



Malia ser un concello de tamaño medio sorprende que en Rois haxa nada menos que nove castros. Isto dános conta da intensa actividade humana que había nesta zona durante a Idade de Ferro.

Como é ben coñecido, os castros son xacementos arqueolóxicos que corresponden á cultura castrexa, unha cultura prehistórica que se desenvolveu, aproximadamente, no territorio da Gallaecia durante a Idade de Ferro. Os castros son fortificacións e poboados que foron construídos para se protexeren de ataques externos.

En Galicia, esta cultura castrexa desenvolveuse durante los siglos VI e V a.e.c. e continuou ata a época romana. Os castros galegos eran construcións de pedra e madeira, con muros de fortificación que protexían a poboación e as vivendas. Nas escavacións son comúns os achados de restos de cerámica, ferramentas e obxectos de uso cotián.

Os castros galegos son importantes testemuños da cultura prehistórica desta zona durante a Idade de Ferro. O feito de nos achegar a eles hanos permitir coñecer máis sobre a vida e a organización destas comunidades da Gallaecia así como a súa relación co resto de Europa. Ademais, os castros son unha mostra excepcional da arquitectura e a enxeñaría da época, o que nos achega información sobre as habilidades e técnicas dos antigos habitantes de Galicia.



### A carón da natureza

Os habitantes dos castros dedicábanse a actividades agrícolas e gandeiras. Estamos perante un mundo moi romantizado e

trufado por moitas ideas e controversias que se reflicten ao longo dos estudos históricos. O certo é que precisamos aínda moita máis información para sabermos como se relacionaba esta xente co medio, unha xente que amaba e sentía igual ca nós.

Hoxe en día o castro de Socastro segue cumprindo esa función de ósmose co medio xa que forma parte do itinerario dunha das rutas de sendeirismo máis espectaculares do concello de Rois. A súa situación permite unhas vistas privilexiadas sobre todo o val.

---

## A acrópole

Os castros son acrópoles, é dicir, pequenas cidades amuralladas cun sistema defensivo formado por foxos, terrapléns e muros. Este sistema conferíalle a todo o conxunto un factor de monumentalidade que debía ser moito maior na época en que foi construída. Eran -e seguen a ser- construcións impresionantes.

O castro de Socastro está situado nun outeiro de pouco máis de 200 metros de altitude, sobre o val de Herbogo e a uns 300 metros da aldea de Socastro. A coroa mide uns 100 m por 70 m e posúe un parapeto dunha altura de entre 3 e 5 metros.



---

## Os achados

O castro de Socastro foi obxecto de diferentes intervencións arqueolóxicas. En concreto, organizouse durante máis de 10 anos un campo internacional de traballo dedicado a escavar e clasificar os restos atopados. Entre eles destacan muíños de man, tégulas, moedas e restos de cerámica.



## O estraño caso do petróglifo móbil

A peza máis singular das atopadas nas escavacións do castro de Socastro é o petróglifo móbil. Como sabemos, os petróglifos son gravados en pedra que pertencen a unha cultura moi anterior: datan de hai 4000 anos e adoitan representar labirintos, cervos, guerreiros ou espirais con significados que hoxe se nos escapan. Con todo, a aparición deste petróglifo exento no castro de Socastro indica que aquela comunidade tiña un especial aprecio por este tipo de representación; é coma se fosen uns coleccionistas de arte daquela altura. Actualmente o petróglifo expónse no museo de santo Antón, na Coruña.



## A tradición oral

Todos os castros teñen as súas lendas de tradición oral e o de Socastro non podía ser menos. Segundo nos di o profesor Clodio González a veciñanza fala de grandes tesouros escondidos debaixo do castro, uns tesouros que non descubrirá ningunha rella de arado, pero co pasar do tempo

será descuberto polo paso dunha ovella. Esta lenda ten a súa versión rimada:

Na costa de Pardiñas  
 hai unha viga de ouro  
 que pisa pau de rella  
 e co tempo será descuberta  
 cunha patada de ovella



## A toponimia

Táboa 1. As palabras máis frecuentes na toponimia galega

voz toponímica	nº de lugares
Vila	885
Igrexa	600
Vilar	545
Outeiro	540
Castro	412
Pazo/Pacio	394
Pena	365
Campo	314
Fonte	295
Casal/Casar	293
Porto	271
Souto	256
Lama	215
Torre	205
Río	198
Piñeiro	195
Casa	192
Monte	170

voz toponímica	nº de lugares
Carballal	105
Fraga	105
Loureiro	97
Bouza	96
San Martiño	93
Barrio	92
Muíño	90
Castelo	89
Carballo	84
Portela	83
Laxe	82
Pereiro	81
Cal/Canle	79
Devesa	78
Ribeira	77
San Pedro	76
Regueiro	74
Seixo	74

A palabra castro orixinou un dos topónimos máis frecuentes de Galicia. En concreto, sitúase no quinto lugar con 412 exemplos de lugares que levan este nome polo territorio galego. Ademais, Castro é tamén un dos apelidos máis frecuentes do país, e sen ir máis lonxe a aldea que se sitúa ao pé do castro leva o nome de Socastro

xustamente por esta razón, por estar debaixo do castro. Outro dos castros de Rois deu lugar ao topónimo Angueira de Castro.



---

## Conclusión

O castro de Socastro posúe tódalas calidades para que contribuíamos humildemente con este traballo a que ocupe o lugar que merece. Trátase dun castro ben conservado, conta coa singularidade do petróglifo móbil e segue proporcionándonos información valiosa en cada escavación nos sucesivos campos de traballo. Ten as súas lendas de tradición oral, exerceu a súa influencia na toponimia da zona e agora segue vivo formando parte de rutas de sendeirismo.